

## Aplicación orzamentaria: 44.02.561A.440.0 (OPI e CEPIGA)

Orde	Exp.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	NIF	Centro	Nota final
21	204	Prieto	Lage	Miguel Ángel	76909816R	CSIC	1,7683

## ANEXO II

Orde	Núm. exp.	Apelido 1º	Apelido 2º	Nome	NIF	Organismo	Puntuación
73	236	Torreiro	Pazo	Paula	53302828Y	UDC	1,4843
74	221	Souto	Gestal	Antonio José	32707113D	UDC	1,4811
75	169	Gómez	Varela	Ana Isabel	44833194F	USC	1,4795
76	292	Vázquez	Álvarez	Rocío	33348541J	USC	1,4782
77	66	Soria	Somoza	Carolina	47372063K	UDC	1,4742
78	75	Pereira	López	María	76730504C	USC	1,4601
79	153	Hiebra	Pardo	Adrián	44489552P	USC	1,4567
80	255	Fernández	González	Francisca	76747558P	USC	1,4549
81	250	Passeri		Alberta	X8740855G	UDC	1,4503
82	91	Riveiro	Outeiral	Sara María	44831018Q	USC	1,4294
83	320	Abilleira	Piñeiro	Paula	35323245Y	UVI	1,4168
84	281	Cachaldora	Sieiro	Aida	34990235J	UVI	1,4067
85	184	Hernández	Otero	Alba	76930449A	UVI	1,4062
86	203	Veiguela	Blanco	Noha	33535587T	UDC	1,4051
87	242	Bra	Núñez	Raquel	47377436N	UDC	1,3984
88	24	López	García	Rafael	32701995C	UDC	1,3957
89	217	Álvarez	Estévez	Diego	36165871G	UDC	1,3919
90	21	Imbernón	Piedra	Mónica	53620745V	USC	1,3910
91	375	Varela	Fernández	Gervasio	79330024B	UDC	1,3873
92	331	Álvarez	Méndez	Mª Jennifer	33539186B	USC	1,3820
93	374	Solleiro	González	Samuel	35561155G	USC	1,3777
94	372	Salgado	Seara	José Manuel	34995211K	UVI	1,3767
95	103	Lucena	Moya	Paloma	44580915S	UVI	1,3729
96	167	Marante	Arias	Antía	46910043W	USC	1,3720

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan de xeito ordinario probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos para o ano 2010.*

O punto 1º do artigo 3 da Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, establece que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará de xeito ordinario e con carácter anual probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior por medio de resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ás que poderán concorrer as persoas que non cumpran os requisitos académicos que permitan o acceso directo aos ciclos formativos.

A disposición derradeira primeira da dita orde autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa para ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nela.

Na súa virtude, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Anunciar a convocatoria ordinaria para o ano 2010 de realización das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional inicial, consonte as seguintes disposicións:

#### CAPÍTULO I

##### CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

Primeiro.-*Datas e lugares de inscrición das probas de acceso.*

1. A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio presentárase por duplicado na secretaría de calquera dos institutos de educación secundaria ou centros integrados de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional, no prazo comprendido entre os días 1 e 12 de marzo de 2010, ambos os

dous incluídos, segundo o modelo do anexo I recollido na Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo. O centro que tramite a dita solicitude deberalle entregar á persoa solicitante unha copia selada desta.

2. Estes centros tramitarán a información referente ao alumnado participante nas probas de acceso a ciclos formativos a través da aplicación informática facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. O alumnado que estea a cursar un programa de cualificación profesional inicial poderá solicitar exención da parte científico-técnica no momento de se inscribir para a proba. Para iso deberá presentar, xunto coa solicitude de inscrición para a proba, unha certificación acreditativa de estar cursando as ditas ensinanzas, segundo o anexo I desta resolución. A certificación será expedida polo centro onde estea a cursar o PCPI. A concesión da referida exención quedará condicionada a que a persoa aspirante supere todos os módulos obrigatorios antes da data de realización da proba.

*Segundo.-Publicación de listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de exención, de probas adaptadas, de cualificacións e de lugares de realización da proba.*

Quen desexar información puntual no relativo ás publicacións en todo o proceso do desenvolvemento das probas de acceso poderá dirixirse ao lugar onde realizase a súa inscrición, ao centro onde realice as probas ou ben á páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, onde se publicarán as listaxes correspondentes. Estas listaxes terán efectos de comunicación ás persoas que presenten reclamación.

*Terceiro.-Relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas ás probas.*

1. A relación provisoria de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba farase pública o día 16 de marzo. Esta listaxe dará información sobre a documentación presentada. No caso das exclusións farase indicación expresa do motivo que as ocasiona.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisoria desde o día 17 ao 22 de marzo, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizase a inscrición. Así mesmo, durante o período de reclamación poderase achegar a documentación pendente de entrega.

3. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba farase pública o día 31 de marzo.

*Cuarto.-Comisións de realización das probas de acceso.*

De acordo co establecido nos artigos 3.5º, 7.1º e 7.2º da Orde do 2 de decembro de 2008, con anterioridade ao 23 de abril cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Univer-

sitaria comunicará por escrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o seguinte:

-O nome do inspector ou a inspectora responsable provincial das probas de acceso.

-A relación de centros públicos onde se vaian constituír as comisións de realización das probas, así como os centros adscritos. O día 30 de abril farase pública esta listaxe en cada un dos centros onde se realice a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

-A relación das persoas integrantes das comisións de realización das probas, con detalle das funcións ou as tarefas que desempeñarán en cada caso.

*Quinto.-Tramitación e resolución das solicitudes de exención e de proba adaptada.*

1. A dirección do centro remitirá á Subdirección Xeral de Formación Profesional, o 5 de abril, a relación de persoas solicitantes de exención e/ou de proba adaptada, así como calquera outra petición que as persoas solicitantes fagan constar na súa solicitude de inscrición, xunto coa documentación orixinal achegada por cada solicitante (o centro quedará con copia desta). O centro asegurase de que a dita documentación chegue á subdirección xeral, como data límite, o día 9 de abril. A documentación das persoas inscritas que non solicitasen exención, proba adaptada nin calquera outra petición será arquivada no propio centro educativo.

2. A resolución provisoria de exencións e de probas adaptadas farase pública o día 29 de abril. No caso de resolución denegatoria, figurará na listaxe a causa da denegación.

3. Contra estas resolucións provisionais as persoas interesadas poderán presentar reclamación os días 30 de abril, 3 e 4 de maio, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador das probas, no centro onde se realizase a inscrición. As secretarías dos centros cargarán na aplicación as referidas reclamacións e remitiranas, por vía de urxencia, xunto coa documentación que as persoas solicitantes acheguen, á Subdirección Xeral de Formación Profesional, de xeito que se asegure a súa recepción o día 7 de maio.

4. A resolución definitiva farase pública o día 14 de maio.

5. O día 31 de maio será o límite máximo para que os centros xustifiquen, a través da aplicación informática, se o alumnado ten superados ou non os módulos obrigatorios do programa de cualificación profesional inicial. Así mesmo, entregaranlle un certificado, conforme o anexo II, que reflecta tal situación, que o alumnado achegará como xustificante para facer valer a exención da parte científico-técnica o día de realización da proba.

*Sexto.-Realización das probas de acceso.*

1. As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día 4 de xuño de 2010 no horario que se indica a seguir:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 10.00 ás 11:30 horas: parte matemática.
- Das 12.00 ás 14:00 horas: parte sociolingüística.
- Das 16.30 ás 18.30 horas: parte científico-técnica.

2. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición. Así mesmo, quen superase o programa de cualificación profesional inicial entregará o certificado que así o acredite.

*Sétimo.-Publicación das cualificacións.*

1. Os resultados das cualificacións provisorias das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio publicaranse o día 17 de xuño.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a cualificación provisoria os días 18, 21 e 22 de xuño, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador, no centro onde se realizase a inscrición. Neste mesmo período, os centros cargarán na aplicación informática as reclamacións que se realizasen coa finalidade de proceder á súa revisión.

3. A cualificación definitiva publicárase o día 28 de xuño.

*Oitavo.-Emisións de certificacións.*

1. Todas as persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba nos centros onde as realizasen, a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións definitivas.

2. No caso de superación total da proba, a certificación que o acredite dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.

3. Ao alumnado que non supere a proba na súa totalidade, esta certificación permitiralle manter as cualificacións obtidas nas partes superadas en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio, durante un máximo de dous anos, na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A certificación deberá recoller, pola súa vez, as posibles exencións outorgadas, que manterán a súa validez para futuras convocatorias, sempre que se manteñan as mesmas circunstancias.

*Noveno.-Recursos.*

Contra a listaxe definitiva de persoas admitidas, a resolución definitiva de exencións, a resolución definitiva de probas adaptadas e as cualificacións definitivas da proba de acceso, poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente listaxe definitiva, ante o director ou a directora xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificacións da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## CAPÍTULO II

## CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

*Décimo.-Datos e lugares de inscrición das probas de acceso.*

1. A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior presentárase por duplicado na secretaría de calquera dos institutos de educación secundaria ou centros integrados de formación profesional onde se impartan ensinanzas de ciclos formativos de formación profesional (agás o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, de Ferrol), no prazo comprendido entre os días 18 e 29 de xaneiro de 2010, ambos os dous incluídos, segundo o modelo do anexo II recollido na Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo. O centro que tramite a dita solicitude deberalle entregar á persoa solicitante unha copia selada desta.

2. Estes centros tramitarán a información referente ao alumnado participante nas probas de acceso a ciclos formativos a través da aplicación informática facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

*Décimo primeiro.-Publicación de listaxes provisorias e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de exención, de probas adaptadas, de cualificacións e de lugares de realización da proba.*

Quen desexar información puntual no relativo ás publicacións en todo o proceso do desenvolvemento das probas de acceso poderá dirixirse ao lugar onde realizase a súa inscrición, ao centro onde realice as probas ou ben á páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, onde se publicarán as listaxes correspondentes. Estas listaxes terán efectos de comunicación ás persoas que presenten reclamación.

*Décimo segundo.-Relacións provisorias e definitivas de persoas admitidas e excluídas ás probas.*

1. A relación provisoria de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba farase pública o día 3 de febreiro. Esta listaxe dará información sobre a documentación presentada. No caso das exclusións farase indicación expresa do motivo que as ocasione.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisoria desde o día 4 ao 8 de febreiro, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realízase a inscrición. Así mesmo, durante o período de reclamación poderase achegar a documentación pendente de entrega.

3. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba farase pública o día 9 de febreiro.

Décimo terceiro.-*Comisións de realización das probas de acceso.*

De acordo co establecido nos artigos 3.5º, 7.1º e 7.3º da Orde do 2 de decembro 2008, con anterioridade ao 26 de febreiro, cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comunicará por escrito á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o seguinte:

-O nome do inspector ou a inspectora responsable provincial das probas de acceso.

-A relación de centros públicos onde se vaian constituír as comisións de realización das probas, así como os centros adscritos. O día 3 de marzo farase pública esta listaxe en cada un dos centros onde se realice a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

-A relación das persoas integrantes das comisións de realización das probas, con detalle das funcións ou as tarefas que desempeñarán en cada caso.

Décimo cuarto.-*Tramitación e resolución das solicitudes de exención e de proba adaptada.*

1. A dirección do centro remitirá á Subdirección Xeral de Formación Profesional, o 4 de febreiro, a relación de persoas solicitantes de exención e/ou de proba adaptada, ou calquera outra petición que a persoa solicitante faga constar na súa solicitude de inscrición, xunto coa documentación orixinal achegada por cada solicitante (o centro quedará con copia dela). O centro asegurase de que a dita documentación chegue á subdirección xeral, como data límite, o día 9 de febreiro. A documentación das persoas inscritas que non solicitaran exención, proba adaptada nin calquera outra petición será arquivada no propio centro educativo.

2. A resolución provisoria de exencións e de probas adaptadas farase pública o día 19 de febreiro. No caso de resolución denegatoria, figurará na listaxe a causa da denegación.

3. Contra estas resolucións provisionais a persoa interesada poderá presentar reclamación os días 22, 23 e 24 de febreiro, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador das probas, no centro onde se realizase a inscrición. As secretarías dos centros cargarán na aplicación as ditas reclamacións e remitirán, por vía de urxencia, xunto coa documentación que a persoa solicitante achegue, á Subdirección Xeral de Formación Profesional, de xeito que se asegure a súa recepción o día 1 de marzo.

4. A resolución definitiva farase pública o día 5 de marzo.

Décimo quinto.-*Alumnado matriculado nun ciclo de grao medio que superase a parte común da proba de grao superior.*

1. O alumnado que se inscriba nesta convocatoria de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior e estivese en condicións de posuír, na convocatoria de xuño de 2010 un título de técnico que

pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, segundo o anexo III desta resolución, poderá solicitar a exención da parte específica. A solicitude de exención condicional farase xunto coa solicitude de inscrición ás probas, segundo o modelo do anexo V desta resolución.

2. A superación do ciclo de grao medio xustifícase mediante a certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título de técnico que se presentará entre os días 12 e 16 de xullo, ambos os dous incluídos, no centro de inscrición e irá dirixida á presidencia do tribunal único. O día 20 de xullo será a data límite para que os centros xustifiquen a través da aplicación, se o alumnado ten superado o ciclo de grao medio. As certificacións de superación da proba estarán dispoñibles a partir do día 23 de xullo.

Décimo sexto.-*Realización das probas de acceso.*

1. As probas de acceso aos ciclos de grao superior terán lugar o día 27 de marzo de 2010 no horario que se indica a seguir:

-Ás 9.00 horas: presentación.

Parte común da proba.

-Das 10.00 ás 13.30 horas (matemáticas, lingua galega, e lingua castelá).

Parte específica da proba.

-Das 16.00 ás 18.30 horas: materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao que se desexa acceder, segundo o anexo III desta resolución.

2. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Décimo sétimo.-*Publicación das cualificacións.*

1. Os resultados das cualificacións provisionais das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior publicaranse o día 21 de abril.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a cualificación provisoria os días 22, 23 e 26 de abril, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador, no centro onde se realizase a inscrición. Neste mesmo período, os centros cargarán na aplicación informática as reclamacións que se realizaran coa finalidade de proceder á súa revisión.

3. A cualificación definitiva publicarase o día 10 de maio.

Décimo oitavo.-*Emisión de certificacións.*

1. As persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba nos centros onde as realizasen, a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións definitivas.

2. No caso de superación total da proba, e en función da opción elixida, a certificación incluírá a relación de familias profesionais en que se posibili-

tará o acceso a ciclos formativos de grao superior, nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para o alumnado que non superase a proba na súa totalidade, esta certificación permitiralle manter as cualificacións obtidas nas partes superadas en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior, durante un máximo de dous anos, na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As certificacións recollerán, pola súa vez, as posibles exencións outorgadas, que manterán a súa validez para futuras convocatorias, sempre que se manteñan as mesmas circunstancias.

*Décimo noveno.-Recursos.*

Contra a listaxe definitiva de persoas admitidas, a resolución definitiva de exencións, a resolución definitiva de probas adaptadas e as cualificacións definitivas da proba de acceso, poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes ante o director ou a directora xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificacións da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Disposicións adicionais*

*Primeira.-Información e orientación do proceso de realización das probas de acceso.*

Todos os institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional que impartan ciclos formativos de formación profesional debe-

rán ofrecer ás persoas interesadas información e orientación sobre estas ensinanzas, así como sobre o procedemento de inscrición e desenvolvemento das probas de acceso.

*Segunda.-Corrección do documento oficial de identidade.*

De se detectaren erros no número do documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade dun Estado da Unión Europea), poderase solicitar a súa corrección en calquera momento a través dunha reclamación, segundo o modelo de solicitude dispoñible no anexo IV desta resolución e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. A esta solicitude deberáse achegar unha fotocopia do documento de identificación, e deberá estar asinada polo director ou a directora do centro, que enviarán por vía de urxencia a reclamación orixinal presentada na secretaría do centro á Subdirección Xeral de Formación Profesional. Non será necesario que o centro realice trámite adicional ningún coa aplicación informática.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2010.

José Luis Mira Lema  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

**ANEXO I**

**Certificado de estar a cursar un programa de cualificación profesional inicial. Ano: \_\_\_\_\_**

Don/dona....., secretario/a do IES/CIFP....., de ..... provincia de ..... <b>CERTIFICA</b> Que don/dona ..... con DNI....., está a cursar un programa de cualificación profesional inicial, o que lle permite solicitar a exención da parte científico-técnica nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderá, xa que logo, obter o certificado de superación dos módulos obrigatorios do PCPI, antes do día de realización da proba de acceso, sempre que supere a mencionada ensinanza.
---

....., ..... de ..... de .....

Visto e prace  
O/a director/a

O/a secretario/a:

Selo do centro

Asdo.:

Asdo.:

## ANEXO II

## Certificado de superación do programa de cualificación profesional inicial. Ano: \_\_\_\_\_

Don/dona....., secretario/a do  
IES/CIFP....., de ..... provincia de .....

## CERTIFICA

Que don/dona ..... con DNI....., superou os módulos obrigatorios do programa de cualificación profesional inicial, o que lle permite a exención da parte científico-técnica nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 11.3º c) da Orde do 2 de decembro de 2008 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional.

....., ..... de ..... de .....

Visto e prace

O/a director/a

O/a secretario/a:

Selo do centro

Asdo.:

Asdo.:

## ANEXO III

## Organización en opcións da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior, en función da familia profesional a que se desexe acceder

Opcións segundo familias profesionais derivadas da LOXSE	Opcións segundo familias profesionais derivadas da LOE	Materias de referencia do bacharelato
Opción A		
Administración. Comercio e márketing. Hostalaría e turismo. Servizos socioculturais e a á comunidade. Comunicación, imaxe e son (só o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).	Administración e xestión. Comercio e márketing. Hostalaría e turismo. Servizos socioculturais e á comunidade. Imaxe e son (só o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos).	Materias da opción A: Economía da empresa. Lingua estranxeira (francés ou inglés) Filosofía e cidadanía.
Opción B		
Actividades marítimo-pesqueiras (agás o ciclo de produción acuícola). Artes gráficas. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Comunicación, imaxe e son (agás o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos). Fabricación mecánica. Madeira e moble. Informática. Mantemento e servizos á produción. Mantemento de vehículos autopulsados. Téxtil, confección e pel (agás os ciclos de curtidos e procesos de ennobrecemento téxtil). Vidro e cerámica.	Artes gráficas. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Imaxe e son (agás o ciclo de produción de audiovisuais, radio e espectáculos). Energía e auga. Fabricación mecánica. Informática e comunicacións. Instalación e mantemento. Madeira, moble e cortiza. Marítimo-pesqueira (agás o ciclo de produción acuícola). Transporte e mantemento de vehículos. Téxtil, confección e pel (agás os ciclos de curtidos e procesos de ennobrecemento téxtil). Industrias extractivas. Vidro e cerámica.	Materias da opción B: Debuxo técnico. Tecnoloxía Industrial. Física.
Opción C		
Actividades agrarias. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Actividades marítimo-pesqueiras (só o ciclo de produción acuícola). Química. Téxtil, confección e pel (só os ciclos de curtidos e procesos de ennobrecemento téxtil). Sanidade.	Agraria. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Marítimo-pesqueira (só o ciclo de produción acuícola) Química. Seguridade e medio ambiente. Téxtil, confección e pel (só os ciclos de curtidos e de procesos de ennobrecemento téxtil). Sanidade.	Materias da opción C: Ciencias da terra e ambientais. Química. Bioloxía.

*ANEXO IV*

**Solicitud de corrección do documento de identificación  
 Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica**

Don/dona \_\_\_\_\_, que presentou a solicitude para probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica no IES/CIFP \_\_\_\_\_ e figura na aplicación informática co seguinte número de DNI/NIE/pasaporte \_\_\_\_\_, solicita a súa corrección e substitución polo número de identificación \_\_\_\_\_, para o que achega fotocopia deste.

..... de ..... de 20.....

Asinado: .....

Visto e praxe: o/a director/a do centro.

Asinado: .....

Subdirector/a xeral de Formación Profesional

*ANEXO V*

**Solicitud de exención condicional da parte específica da proba de acceso a grao superior por estar a cursar un ciclo formativo de grao medio**

Don/dona....., con DNI....., solicita que lle sexa concedida a exención da parte específica das probas de acceso a grao superior, convocadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no caso de obter o título de grao medio (que pertence a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta) no mes de xuño de 2010.

Ciclo que está a cursar:

Opción da parte específica que solicita: A •                      B •                      C •

Opción da parte específica do ciclo que está a cursar: A •                      B •                      C •

..... de ..... de 20.....

Asinado: .....